



No tenco padre ni madre
nin Santo que por min llore,
agora vou polo mundo,
Nostro Señor me console.

Coplitas i mais coplitas
para min son escusadas,
quedoum´a ´storia na casa
non as traí´estudiadas.

Na esquina desta casa
o aire me favorese
porque dentro dela está
quen se de min compadese.

Eu queríame casar-e,
mas vale tarde ca nunca,
xa me lev´aburresido
d´andar á quinta perghunta.

Alumíame, candil,
se me ques alumiar-e
alumíame de nuite,
de día vou traballar-e.

Alá ´mbaixo non sei onde
atopei non sei a quen,
a filla de xa m´entendes
non me podó acordar ben.

Alá ´mbaixo non sei ond´
atopei non sei que Santo,
quen lle rese non sei que
disca ghana non sei canto.